



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 22 DE NOVEMBRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Decreto polo que se acorda a aceptación da cesión a título gratuito do dereito real de uso do mosteiro de Santa María de Monfero, titularidade do Arcebispado de Santiago de Compostela.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE**

- Decreto polo que se crea o Rexistro de Entidades Medioambientais da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, para a prestación do servizo de información laboral ás mulleres e promoción da igualdade.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a realización dun proxecto innovador que garanta o dereito á asistencia social integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Acordo polo que se interpón, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, conflito positivo de competencias contra o Real decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de xeración eléctrica no mar territorial.



## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado da convocatoria de axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para a habilitación dunha liña de financiamento específica para os produtores galegos de uva.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

- Acordo polo que se autoriza o incremento de compromisos de gastos aprobados no Consello do 17 de febreiro de 2005, derivados do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia e os concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área da Coruña, segundo as previsións do referido convenio.
- Acordo polo que se autoriza o texto do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Boiro, para a reconstrución da ponte sobre o río Coroño no lugar nomeado Ordenario-Pazos de Coroño.

## **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para o desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia para o recoñecemento da actividade investigadora nos planos de organización docente (P.O.D.)
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para crear as condicións e facilitar os medios para impulsar a adaptación ao espazo europeo de educación superior, mediante a realización de proxectos e iniciativas destinadas a tal fin.



## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España, o Consello Galego de Cámaras e as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia, para o desenvolvemento do programa *Innocámaras* para o período 2007-2008.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, o Instituto Español de Comercio Exterior, as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España, para o desenvolvemento do *Programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE)* e programa de seguimento.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a contratación do servizo de catorce helicópteros con destino á prevención e extinción de incendios durante os anos 2008 e 2009.

## CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de cooperación entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Manzaneda, para a realización do Plan Especial de Protección do Núcleo Histórico de Manzaneda.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Cultura e Deporte, e a *Federación Galega de Fútbol*, co fin de coadxuvar aos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento da súa modalidade.

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia – Servizo Galego de Saúde e a *Sociedade Española de Toxicomanías*, para o establecemento de accións conxuntas tendentes a un mellor coñecemento da problemática da dependencia do alcol e outras drogas na Comunidade Autónoma.



## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello Regulador da denominación de orixe protexida Mexillón de Galicia para a realización do proxecto: *“Estudo de depuración intensiva de moluscos bivalvos vivos procedentes de zona C”*.

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Mondariz, para a execución da obra: *“Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Rede de abastecemento de auga en Aboal. Mondariz (Pontevedra)”*, clave OH.236.431, por importe de douscentos noventa e cinco mil novecentos oitenta euros con oitenta e sete céntimos (295.980,87 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Redondela, para a execución da obra: *“Mellora das redes de saneamento. Saneamento en Trasmañó. Redondela (Pontevedra)”*, clave OH.336.734, por importe de cento sesenta e seis mil corenta euros con dous céntimos (166.040,02 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Redondela, para a execución da obra: *“Mellora das redes saneamento. Saneamento en Cotarelo. Redondela (Pontevedra)”*, clave OH.336.733, por importe de cento noventa e catro mil novecentos corenta e dous euros con oitenta e tres céntimos (194.942,83 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Brión, para a execución da obra: *“Mellora do abastecemento na bacía Galicia Costa. Saneamento e abastecemento de auga en Adoufe, Vilas e Gundín. Brión (A Coruña)”*, clave OH.515.773, por importe de seiscentos oitenta e un mil douscentos corenta e seis euros con oitenta e un céntimos (681.246,81 €).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Barbadás, para a execución da obra: *“Mellora do abastecemento nas bacías intercomunitarias. Novo depósito de auga en Barbadás. Barbadás (Ourense)”*, clave OH.232.561, por importe de oitocentos nove mil novecentos sesenta e tres euros con vinte e tres céntimos (809.963,23 €).
- Acordo polo que se autoriza a aprobación do gasto correspondente á redacción do



proxecto, construción e explotación das actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da Ría de Ferrol. Ares, Fene e Mugardos (A Coruña) de clave: OH.315.478, por importe de oitenta e sete millóns douscentos dezaseis mil oitocentos corenta e nove euros con corenta céntimos (87.216.849,40 €).

## **CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO**

- Acordo polo que se aproba definitivamente o “Proxecto sectorial do parque empresarial de Vilanova de Arousa II” (Pontevedra) e do correspondente proxecto de obras públicas.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o “Proxecto sectorial do parque empresarial de Cee (A Coruña) e do correspondente proxecto de obras públicas.
- Acordo polo que se aproba definitivamente a “Modificación puntual do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais para o parque empresarial de Rianxo e o proxecto sectorial do parque empresarial de Rianxo e o correspondente proxecto de obras públicas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Poio, para a adquisición de seis (6) vivendas polo concello no programa de erradicación do chabolismo.

## **MOCIÓNS E PROPOSTAS**

### **VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Declaración institucional no Día Internacional contra a violencia de xénero.



## A XUNTA ACEPTA A CESIÓN DO MOSTEIRO DO MONFERO POR PARTE DO ARCEBISPADO DE SANTIAGO

- *O acordo permitirá a posta en valor do monumento para servizos turísticos e culturais, unha das principais liñas de actuación do Plan Ferrol*
- *O Goberno galego está a investir 1,6 millóns no proxecto de rehabilitación do Mosteiro que inclúe a instalación dun hotel de catro estrelas e dun centro lúdico-termal SPA*

O Mosteiro de Santa María de Monfero, ubicado no concello de Monfero (A Coruña), será xestionado pola Xunta de Galicia logo da aceptación do dereito real de uso, acordada hoxe polo Goberno galego. A medida fora acordada co Arcebispado de Santiago de Compostela e materialízase agora coa cesión, a título gratuito, e por un prazo de cincuenta anos, prorrogables por outros vinte cinco máis. A finalidade da operación é a posta en valor do mosteiro para a prestación de servizos turístico-culturais, o que permitirá incorporar un activo de grande valor histórico e cultural aos plans de dinamización turística do entorno. Cómpre lembrar que o desenvolvemento do sector turístico en Ferrolterra é unha liña de traballo específica dentro do Plan Integral de Desenvolvemento das Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, xa que constitúe un dos sectores motor do plan grazas á presenza de importantes iconas turísticas e ao seu potencial como xerador de actividade e emprego. O Plan Ferrol recolle a mobilización dun total de 3.000 millóns de euros, dos cales 1.163 millóns de euros serán achegados polo Goberno galego e o Goberno central.

O convenio no que se basea a cesión aprobada hoxe recolle que a Xunta realizará as obras de restauración e rehabilitación do mosteiro que sexan precisas para a súa dedicación a actividades turístico-culturais; e a adoptar as medidas oportunas que permitan a explotación e posta en valor do mesmo. Neste sentido, a Dirección Xeral de Turismo tramita un contrato de obras, dotado con 1,6 millóns de euros, para a rehabilitación do mosteiro segundo o proxecto da instalación dun hotel de catro estrelas e centro lúdico-termal SPA

Segundo os termos da aceptación da cesión aprobada hoxe, a medida inclúe o dereito real de uso do mosteiro, xunto cos predios colindantes e o adro, cunha superficie total de 21.995 metros cadrados. A cesión non comprenderá a Igrexa con sancristía e sala capitular; o patio de muro románico que da acceso ao coro alto e ao campanario; e os bloques anexos destinados actualmente a uso do cura párroco e da Asociación de Amigos do Mosteiro de Monfero.



## A XUNTA CREA UN REXISTRO QUE AGRUPARÁ AS ASOCIACIÓNS, FUNDACIÓNS E COLECTIVOS DE CARÁCTER AMBIENTAL DE GALICIA

- *As entidades sen ánimo de lucro que teñan como fin primordial o estudo, conservación e promoción ou defensa dos recursos naturais poderán inscribirse neste novo censo*

O Goberno galego deu hoxe luz verde hoxe á creación do Rexistro de Entidades de Carácter Medioambiental de Galicia, no cal se poderán inscribir todas aquelas asociacións, fundacións ou colectivos sen ánimo de lucro, que teñan como fin primordial o estudo, conservación, promoción e/ou defensa dos recursos naturais no eido do ambiente. Este decreto substituirá o vixente, no cal se indica que son entidades de carácter medioambiental aquelas asociacións que teñan como fin exclusivo a conservación, promoción e defensa dos intereses ambientais, o que resultaba excesivamente restritivo.

A creación deste rexistro ten como finalidade posibilitar a participación cidadá no ámbito ambiental a través das entidades que, con este obxectivo, sexan creadas, como instrumentos idóneos de canalización dos intereses ambientais dun determinado colectivo. Trátase dun rexistro de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente.

O asentamento de inscrición dunha fundación no rexistro de entidades de carácter ambiental expresará a denominación da entidade, podendo consultarse máis datos dela no rexistro de fundacións de interese galego da comunidade autónoma. Pola súa banda, o asentamento dos colectivos que non teñan esta condición (a de fundación) deberá expresar, como mínimo, os seguintes datos: constitución da entidade, coa acta fundacional e a data de creación, domicilio, correo electrónico e, de ser o caso, órganos directivos, recursos económicos e fins, entre outros.

A inscrición neste rexistro poderá ser requirida para o acceso ás canles de financiamento con cargo aos recursos da comunidade autónoma, en concreto, ás distintas axudas que poida establecer a Consellería de Medio Ambiente, nos termos que se determinen nas correspondentes bases de convocatoria.



## O SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR COLABORARÁN NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO ÁS MULLERES

### ▪ *O Servizo Galego de Igualdade achega 290.000 euros a esta iniciativa*

O Goberno galego na súa xuntanza de hoxe autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Igualdade (SGI) e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a prestación do servizo de información e asesoramento ás mulleres, principalmente no eido laboral. O Servizo Galego de Igualdade achegará 290.000 euros para este programa.

O convenio que asinarán SGI e Consorcio servirá para regular o seu marco de cooperación para o desenvolvemento da prestación, por parte do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, do servizo de información e asesoramento ás mulleres, sobre todo no eido laboral. Este servizo prestarase mediante unha rede de equipas de igualdade, que dea cobertura ás mulleres galegas de ámbitos territoriais sen servizos específicos de información ás mulleres.

Entre os obxectivos específicos das actuacións que terá que abordar o Consorcio están a realización dun estudo de necesidades no territorio, a difusión dos servizos existentes, a captación de usuarias, a prestación de información sobre axudas, cursos e recursos, a formación ocupacional e profesional, o asesoramento legal, a xestión de axudas e recursos e a derivación a recursos especializados.

Para a realización destas actividades, o Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar procederá á prestación do servizo de información ás mulleres nos ámbitos territoriais precisos, poñendo á disposición os medios técnicos e mecánicos necesarios para o desenvolvemento das actividades previstas e o cumprimento dos obxectivos desta iniciativa.





## XUNTA E MINISTERIO DE TRABALLO DESTINAN 625.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS INNOVADORES QUE GARANTAN UNHA ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL ÁS MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo para a realización destes proxectos*

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo destinan este ano 625.000 euros para a realización de proxectos innovadores que garantan o dereito das mulleres que sofren malos tratos a unha asistencia social integral. O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo, en virtude do cal a Xunta achega 105.000 euros para o financiamento deste programa e o Ministerio de Traballo 520.000 euros.

Unha das actuacións que se inclúen dentro deste proxecto é a creación da Rede Galega de voluntariado de acompañamento de vítimas de violencia de xénero, o *Rodela*, que conta cun orzamento de 190.000 euros. O proxecto *Rodela* está dirixido ás entidades de acción voluntaria de Galicia –que estean rexistradas como tales no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade–, que teñan persoas asociadas dispostas a formarse en xénero e novas tecnoloxías e queiran ser colaboradoras na mellor atención integral e recuperación das mulleres que sofren malos tratos.

O *Rodela* porase en marcha este mesmo mes de novembro nas sete grandes cidades, onde o tecido asociativo está máis consolidado. A Xunta, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar dotará de material informático as asociacións que participen. Trátase, en definitiva, de darlle instrumentos á cidadanía para que participe na loita contra os malos tratos.

Outra das actuacións que se inclúen neste proxecto innovador consiste en proporcionar materiais formativos e procesos de formación e teleformación para os profesionais que interveñen directa ou indirectamente na atención ás mulleres vítimas de malos tratos. Este programa conta cun orzamento de 265.000 euros.

A terceira das actuacións, financiada con 140.000 euros, que se vai desenvolver en virtude deste convenio, consiste na homologación dos protocolos de intervención integral nos recursos de acollida.



Finalmente, o convenio recolle unha partida do Ministerio de Traballo por un importe de 30.000 euros para avaliar o funcionamento destas actuacións unha vez que estas se leven a cabo.



## **A XUNTA ACORDA INTERPOÑER PERANTE O CONSTITUCIONAL UN CONFLICTO DE COMPETENCIAS CO ESTADO PARA QUE SE RESPECTE A FACULTADE DE GALICIA DE FIXAR O PROCEDEMENTO DE AUTORIZACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS NO MAR**

- *Considera que o Real Decreto 1028/2007, que establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización da xeración eléctrica no mar territorial non respecta as competencias autonómicas que lle atribúen a Constitución e o Estatuto de Autonomía*
- *Entende que nin a situación no mar territorial nin o establecemento dunha potencia mínima son criterios constitucionais de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas*
- *O consello da Xunta deu luz verde a esta acción por considerar que a resposta do Goberno do Estado ao requirimento da Administración autonómica non se axusta á xurisprudencia ditada polo TC nesta materia*

O Consello da Xunta acordou na súa xuntanza de hoxe interpoñer un conflito de competencias perante o Tribunal Constitucional (TC) contra o Real decreto 1028/2007, do 20 de xullo, polo que se establece o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización de xeración eléctrica no mar territorial. O Goberno galego xa presentara no mes de setembro un requirimento de incompetencia ante o Executivo central por considerar que a regulación contida neste decreto non é respectuosa co esquema constitucional e estatutario de distribución de competencias, ao desprazar a competencia da Comunidade Autónoma en materia de autorización de instalacións eléctricas.

O Goberno galego considera que a resposta do Goberno do Estado non ten apoio na xurisprudencia constitucional, polo que na xuntanza celebrada hoxe se decidiu continuar os trámites para a interposición do conflito de competencias.

O Goberno galego reclamara ao Estado o pasado 27 de setembro a derogación ou modificación do RD por entender que vulnera as competencias que se atribúen á Comunidade Autónoma no artigo 27.13 do Estatuto de Autonomía e no artigo 149.1.22 da Constitución para que se respecte a competencia correspondente a Galicia para establecer o procedemento administrativo para a tramitación das solicitudes de autorización e xeración eléctrica no mar territorial, como establece o seu Estatuto no artigo 27.13.

O Real decreto xa advirte, na súa exposición de motivos, de que con esta regulación se procede a unha nova redistribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. Os criterios que utiliza o lexislador estatal para asumir a exclusividade da competencia vía regulamentaria son dous: dun lado a situación das



instalacións no mar territorial e doutro, o establecemento dun criterio técnico no propio RD, que a potencia instalada mínima sexa superior a 50 MW (art.2 parágrafo segundo). Non obstante, a Xunta entende que nin a situación no mar territorial nin o establecemento dunha potencia mínima son criterios constitucionais de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas, baseándose en xurisprudencia do Tribunal Constitucional, entre outras as STC 38/2002, STC 103/1989, STC 158/1986 e STC 9/2001.

O Executivo galego, avalado pola xurisprudencia constitucional, considera que a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía para Galicia establece un réxime de distribución de competencias que se estenderá por razón da materia ao espazo marítimo, non establecendo en ningunha parte que as competencias se limitan ao ámbito terrestre.

Ademais o Estado, a través do título III baixo a rúbrica "Procedementos administrativos para outras tecnoloxías de xeración mariña", establece un procedemento para a autorización de instalacións de xeración eléctrica de orixe renovable pero diferente á eólica, desprazando de novo a competencia das comunidades autónomas respecto destas instalacións, e rebaixando incluso a limitación mínima de potencia respecto destas últimas.



## OS PRODUTORES DE UVA CONTARÁN CUNHA LIÑA DE FINANCIAMENTO ESPECÍFICA PARA FACILITAR O COBRO INMEDIATO DA SÚA PRODUCCIÓN

- *O Igape asumirá o custo financeiro das operacións de desconto das facturas para evitarlle aos produtores soportar cargas financeiras*
- *O convenio prevé que as liñas de financiamento cheguen ata os 15 millóns de euros e amplíen o eido de beneficiarios ás cooperativas e o prazo de cobertura aos 9 meses*

Os produtores de uva galegos poderán cobrar de xeito inmediato a súa produción grazas á liña de financiamento impulsada polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) en colaboración coas entidades financeiras. O convenio aprobado polo instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda, prevé dita liña específica para facilitar o cobro sen custo das producións entregadas á industria vitivinícola. A medida evita aos produtores soportar cargas financeiras xa que o Igape asume o custo financeiro das operacións de desconto das facturas.

O consello da Xunta autorizou hoxe o compromiso de gasto plurianual derivado da convocatoria de axudas do Igape no marco do convenio, que ascende a 584.820 euros para os anos 2007 e 2008. O convenio coas entidades financeiras prevé que as liñas de financiamento cheguen ata os 15 millóns de euros, amplía o seu ámbito de beneficiarios ás cooperativas e a tamén o prazo de cobertura ata os 9 meses. O pasado ano, este convenio beneficiou tanto a 380 viticultores das denominacións de orixe Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras, como ás respectivas adegas, que puideron adaptar o período de pagamento de uva por valor de 11,3 millóns de euros.



## OS CONCELLOS DE SADA E CARRAL INCORPÓRANSE AO TRANSPORTE METROPOLITANO DA CORUÑA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe un incremento de gasto de 870.000 euros para estender as subvencións dos billetes tamén aos usuarios destes municipios e manter o seu importe para os cidadáns*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un incremento de gasto por parte da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes para asumir a incorporación dos concellos de Sada e Carral ao Transporte Metropolitano da Coruña. Este incremento de gasto permitirá que os viaxeiros destes dous concellos poidan dispor tamén de billetes subvencionados, a través da tarxeta de transporte metropolitano, como os que disfrutaban os viaxeiros da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, xa integrados no Transporte Metropolitano.

Segundo o acordo tomado hoxe, a CPTOPT destinará ao Transporte Metropolitano da Coruña este 2007 outros 255.403,88 euros, en 2008 a cantidade a maiores será de 291.304,39 euros e en 2009 o incremento ascenderá a 330.885,84 euros. Este incremento de gasto que suma un total de 877.000 euros nos vindeiros tres anos permitirá manter as actuais subvencións de ata o 40 por cento do prezo dos billetes e estender o seu uso a máis cidadáns.

Unha vez autorizado este incremento de gasto, agora a CPTOPT deberá asinar os correspondentes convenios cos operadores de transporte e concellos afectados.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVISTE 280.000 EUROS NA RECONSTRUCCIÓN DUNHA PONTE EN BOIRO**

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio entre a CPTOPT e o concello para substituír a actual ponte sobre o río Coroño, que presenta deficiencias estruturais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Boiro para a reconstrución dunha ponte sobre o río Coroño no lugar coñecido como Ordenario-Pazos de Coroño. A CPTOPT destinará a esta actuación un total de 280.993,28 euros.

A ponte existente actualmente sobre o río Coroño presenta deficiencias que afectan a súa estrutura. A ponte conta con dous apoios intermedios e dous laterais sobre os cales se asenta o seu taboleiro. Por mor das enchentes, o leito do río aumentou e, como consecuencia, os piares perderon o seu apoio provocando a rotura do taboleiro, o que representa un risco para a seguridade viaria. A única solución posible pasa por demoler a ponte actual e construír unha nova sen apoios intermedios, o que tamén evitará que se acumule ramallada e garantirá unha maior fluidez das augas.

Segundo se indica no convenio, a Consellería de Política Territorial será a encargada de financiar as obras a través dos 280.000 euros, unha vez que dea o seu visto e praxe ao proxecto técnico. Pola súa banda, o concello elaborará o proxecto técnico, disporá dos terreos e permisos necesarios, contratará e executará os traballos e asumirá a conservación e mantemento da ponte cando estea rematada.



## EDUCACIÓN DESTINA 3,5 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAR AS CAPACIDADES DE INVESTIGACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

- *O Consello da Xunta autorizou a subscrición dun convenio de colaboración entre a Administración educativa e as tres universidades galegas para o desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación*
- *A Consellería e o SUG asinarán, ademais, un acordo para o recoñecemento da actividade investigadora nos planos de organización docente*

O Consello da Xunta acordou hoxe investir un total de 3,5 millóns de euros nun conxunto de medidas destinadas a mellorar as capacidades investigadoras do Sistema Universitario de Galicia.

Así, o Goberno galego autorizou a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para o desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación. En virtude deste acordo, a Administración educativa achegará 2 millóns de euros, correspondéndolle á Universidade da Coruña 510.919 euros; 878.555 euros á Universidade de Santiago de Compostela; e 610.527 euros á Universidade de Vigo. Estes importes irán destinados a cubrir gastos de persoal e á adquisición de novo equipamento e gastos de mantemento dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI).

Este convenio persegue catro obxectivos principais promover unha xestión eficiente e sustentable en canto á consolidación, dotación e mantemento das infraestruturas e servizos científico-tecnolóxicos de cada universidade do SUG; propiciar a coordinación das actuacións das tres universidades do SUG neste ámbito, optimizando o gasto e a xestión das infraestruturas, mediante o desenvolvemento dunha oferta de servizos integrada; promover o desenvolvemento dun marco organizativo común para o conxunto de Servizos e Infraestruturas de Apoio á Investigación das distintas universidades; e desenvolver actuacións de apoio ás Oficinas de Transferencia de Resultados de Investigación das tres universidades, de xeito que potencien a súa actividade de transferencia e de prestación de servizos de apoio na xestión da investigación.

Así, para efectos de acadar estes obxectivos, as universidades do SUG asumen o compromiso de desenvolveren e consolidaren as Infraestruturas Científico-Tecnolóxicas de Apoio á Investigación no ámbito do SUG; e de fortalecer as unidades e servizos destinados á Xestión e Promoción da Actividade Investigadora.





### **Recoñecemento da actividade investigadora no P.O.D.**

O Consello da Xunta tamén autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Administración educativa autonómica e as universidades do SUG para o recoñecemento da actividade investigadora nos planos de organización docente (P.O.D.), en virtude do cal a Consellería de Educación investirá 1,5 millóns de euros. A distribución por universidades é a seguinte: 350.625 euros para a Universidade da Coruña; 757.500 euros para a Universidade de Santiago de Compostela; e 391.875 euros para a Universidade de Vigo.

Este acordo pretende contribuír á intensificación da función investigadora, dando continuidade ás medidas iniciadas a través do Programa I3 (modalidade de Intensificación), xerar novos P.O.D. no SUG, nos cales se incentive a incorporación de novo persoal docente con perfil marcadamente investigador, e fomentar a incorporación de persoal posdoutoral.



## O GOBERNO GALEGO ACHEGA MÁIS DE MEDIO MILLÓN DE EUROS ÁS UNIVERSIDADES PARA PROMOVER A SÚA ADAPTACIÓN AO ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR

- *O Consello da Xunta aprobou unha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería e as universidades polo que investirá máis de medio millón de euros no obxectivo de adecuación ao novo marco comunitario*
- *A Universidade de Santiago de Compostela (USC) recibirá 187.461,88 euros, a Universidade da Coruña (UDC) 159.206,27 euros, e a Universidade de Vigo (UVIGO) 162.939,14 euros*

O Consello da Xunta vén de aprobar unha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para impulsar a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), mediante a realización de proxectos e iniciativas destinadas a tal fin. Deste xeito, a Administración educativa destina un total de 509.607,29 euros para esta acción. Deste total, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) percibirá un total de 187.461,88 euros, a Universidade da Coruña (UDC) 159.206,27 euros, e a Universidade de Vigo (UVIGO) 162.939,14 euros.

A través desta addenda dáse continuidade ao convenio de colaboración subscrito en decembro de 2006 entre a Consellería de Educación e as universidades galegas, co fin de potenciar a adaptación ao EEES. A progresiva construción e consolidación dun sistema universitario no ámbito europeo que se constituía como un polo de atracción para o resto do mundo avanzou considerablemente nestes anos. Segundo fixa o convenio, tal desenvolvemento precisa da decidida participación e colaboración do Goberno, as comunidades autónomas e as universidades, en actuacións conxuntas destinadas á execución de proxectos de planificación, deseño e definición das actividades que se consideren necesarias para avanzar no proceso. Deste xeito, as partes asinantes consideran que é necesario facilitar financiamento adicional para a realización destas medidas.

As actividades a realizar polas universidades do Sistema Universitario de Galicia deberán ser efectuadas polos órganos competentes de cada universidade, e o seu obxectivo será a realización dun proxecto por universidade que contribúa á súa adaptación no Espazo Europeo de Educación Superior. Ademais, terán que formularse estratexias concretas e actividades conducentes á implantación dos principais elementos do Proceso de Boloña.

Así mesmo, estas actividades recollerán as seguintes liñas prioritarias de actuación: incentivos á excelencia e innovación docente, desenvolvemento da dimensión social do Proceso de Boloña, establecemento de procesos internos de planificación e



garantía de calidade das novas ensinanzas, incentivos á cooperación nacional e internacional, e incentivos á xestión (para a colaboración e participación do persoal administrativo técnico e de xestión en actuacións vinculadas á implantación dos distintos elementos do proceso).

Entre os criterios de repartición das axudas entre as universidades atópanse o número de estudantes matriculados en ensinanzas oficiais, o número de titulacións oficiais, o número medio de estudantes por titulación e o número de campus ou sedes en funcionamento.



## **INNOVACIÓN E INDUSTRIA COLABORARÁ COAS CÁMARAS DE COMERCIO PARA O FOMENTO DA INNOVACIÓN EMPRESARIAL E DA PROMOCIÓN EXTERIOR**

- *A Consellería achegará case medio millón de euros para a posta en marcha dos programas Innocámaras e PIPE que contan cun orzamento global superior aos 2,2 millóns de euros*
- *O convenio Innocámaras prevé a incorporación de 381 empresas aos obxectivos de mellora da competitividade e fomento da innovación*
- *A Xunta autoriza unha nova achega de 108.196 euros ao programa PIPE para incrementar o número de empresas exportadoras*

A Consellería de Innovación e Industria colaborará coas cámaras de comercio de Galicia e do resto do Estado no fomento da innovación e da promoción exterior. Trátase da posta en marcha de dous programas, denominados Innocámaras e PIPE, que comezarán este mesmo ano 2007 e aos cales a Consellería destinará un orzamento de 485.560,71 euros. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de dous convenios de colaboración para o desenvolvemento de ambos os dous programas.

No caso do programa Innocámaras, Innovación e Industria asinará un convenio co Consello Superior de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de España, co Consello Galego de Cámaras e coas cámaras oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia. Este programa ten un orzamento público global de 1.257.882,36 euros, dos cales a consellería achegará o 30% (377.364,71) e o 70% se executará con cargo aos fondos FEDER (880.517,65), e un orzamento achegado polas empresas participantes de 171.600 euros

O obxectivo do Innocámaras é contribuir á mellora da competitividade das pemes, microempresas e autónomos, mediante a integración da cultura de innovación nas súas estratexias empresariais como ferramenta competitiva clave para lograr un crecemento económico sustentado. Os obxectivos específicos do programa pasan por desenvolver unha metodoloxía que ofrezca ás empresas destinatarias unha serie de fórmulas para adoptaren unha actitude sensible e favorable á innovación; apoiar as empresas no desenvolvemento de solucións para aplicar a cultura innovadora; favorecer a creación de redes empresariais que fomenten a difusión do coñecemento e das mellores prácticas; e favorecer a transferencia de tecnoloxía desde organismos e institucións públicas e privadas ás empresas destinatarias.

Con estes obxectivos, o convenio recolle, para o que resta de 2007 e para o ano 2008, incorporar 238 empresas á fase 1 do programa ("Diagnóstico individualizado")



e 143 á fase 2 (Plan de apoio á innovación”) dentro das accións individuais do programa.

### **Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE)**

Por outra parte, a Consellería de Innovación e Industria tamén renovará o convenio de colaboración co Instituto de Comercio Exterior, as cámaras oficiais de comercio, Industria e Navegación de Galicia e o Consello Superior de Cámaras de comercio, Industria e Navegación de España para o desenvolvemento do programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE) e o seu programa de seguimento, programa que recibirá unha inxección económica da Consellería de Innovación de 108.196 euros, o 10% do investimento global do programa, de 1.033.000 euros. O PIPE é o primeiro programa existente a nivel estatal específico para conseguir novas pemes exportadoras e configúrase como un plan individualizado e estratéxico deseñado para aquelas pemes que non exportaron nunca ou o fixeron de xeito ocasional, co fin de apoialas na súa saída aos mercados exteriores e conquistar deste modo que un maior número de empresas se aventuren no exterior.

## MEDIO RURAL CONTRATARÁ 14 HELICÓPTEROS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS PARA 2008-2009

▪ *O Goberno galego investirá máis de 14 millóns de euros no novo equipamento*

A Consellería do Medio Rural contratará o servizo de 14 helicópteros con destino á prevención e extinción de incendios forestais durante os anos 2008-2009 por un importe de 14.035.384 euros distribuídos en dúas anualidades, segundo acordou hoxe o Consello da Xunta.

Este servizo de medios aéreos deberá realizar o transporte de persoal e equipos de extinción ata as proximidades dos incendios e participar na súa extinción mediante lanzamento de auga, con ou sen retardantes ou espumantes, segundo dispoña o director de extinción.

As aeronaves contratadas quedan á plena e exclusiva disposición da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para a súa aplicación nas misións que se lles encomenden, sempre de acordo coas prestacións técnicas da aeronave.

O servizo constará de 14 helicópteros distribuídos en catro lotes, cunha duración de 24 meses desde a data de sinatura do contrato. En todos os casos, a data de incorporación e inicio da prestación do servizo será determinada pola Consellería do Medio Rural, segundo as condicións meteorolóxicas e o número de incendios forestais. Estímase, a efectos de cálculo orzamentario, que cada aeronave voará un valor medio de 50 horas mensuais.

A área xeográfica de actuación será todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Porén, cando as circunstancias e a consellería o consideren necesario, esta área poderá ser ampliada a comunidades autónomas ou estados limítrofes.

Contarán cun sistema GPS de posición e navegación vía satélite mediante coordenadas xeográficas e UTM e capacidade suficiente para almacenar, como mínimo, 600 puntos xeográficos, correspondentes á situación de bases aéreas, puntos de auga, etc.



## **CULTURA INVESTIRÁ 90.000 EUROS PARA REALIZAR O PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO NÚCLEO HISTÓRICO DE MANZANEDA**

- *O Consello da Xunta aproba a sinatura dun convenio que contribuirá á conservación da riqueza cultural do núcleo histórico deste municipio*

A Consellería de Cultura e Deporte financiará con 90.000 euros a elaboración do Plan Especial de Protección do Núcleo Histórico de Manzaneda para conservar e salvagardar o valor cultural e patrimonial desta vila. O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio co concello de Manzaneda co que se pretende contribuir á conservación da riqueza cultural do núcleo histórico deste municipio.

A conselleira de Cultura e Deporte, Ánxela Bugallo, e o alcalde, Francisco Xavier Oviedo, asinarán agora o convenio de colaboración en que se concreta a actuación. O investimento distribuirase en dous anos: 40.000 euros en 2008 e 50.000 en 2009.

A Consellería comprométese a contratar todas as actuacións necesarias para a redacción do Plan Especial mentres que o Concello participará nas actuacións previas e no posterior seguimento do Plan.

Mediante o apoio á elaboración do plan especial, o Goberno galego pretende contribuir á conservación do núcleo histórico de Manzaneda establecendo un conxunto de medidas necesarias para a recuperación deste conxunto fundamente ligado á historia e á identidade da vila. O núcleo histórico conta con bens senlleiros tales como elementos amurallados, restos da Torre de Homenaxe e a Barbacá, o edificio da antiga cadea e outras construcións singulares.



## **CULTURA E DEPORTE ASINA UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL**

- *Esta colaboración económica está destinada a axudar no gasto ordinario e a fixar un programa de actividades de promoción e desenvolvemento do deporte*

A Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral para o Deporte, asinará o convenio de colaboración coa Federación Galega de Fútbol, por un importe total de 450.000 euros, correspondente á tempada 2007/08.

O obxectivo destas axudas é participar nos gastos ordinarios da federación e para a fixación, de común acordo, dun programa de actividades de promoción e desenvolvemento, neste caso, da modalidade deportiva do fútbol.

Desta forma, o convenio coa Federación Galega de Fútbol asínase por un importe total de 450.000 euros, con programas para a promoción do deporte feminino, promoción en centros de ensino, competicións oficiais, seleccións galegas ou a utilización do galego no deporte.

Este convenio, que foi aprobado polo Consello da Xunta, establece as bases de colaboración con esta federación, seguindo o modelo de axudas a federacións establecido hai dous anos. Desta maneira, a Consellería de Cultura e Deporte asina un convenio individual e particular con cada unha das 58 federacións deportivas galegas, atendendo ás súas necesidades específicas e aos proxectos de desenvolvemento deportivo proposto por estas.





## **SANIDADE COLABORARÁ COA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE TOXICOMANÍAS PARA UN MELLOR COÑECEMENTO DO CONSUMO DO ALCOHOL E DOUTRAS DROGAS EN GALICIA**

- *Para tal efecto, o departamento que dirixe María José Rubio Vidal destinará 156.340 euros ata o ano 2010*
- *No marco deste acordo recóllese a elaboración dun libro branco sobre a situación da investigación sobre drogodependencias e problemáticas asociadas en Galicia*
- *Así mesmo, iniciarase un estudo de seguimento en pacientes dependentes de psicoestimulantes (cocaína) atendidos na rede asistencial galega, para determinar as técnicas de intervención máis efectivas no seu tratamento*

A Sanidade pública galega destinará un total de 156.430 euros entre este ano e o 2010 para colaborar coa Sociedade Española de Toxicomanías para obter un mellor coñecemento da problemática xerada polo consumo abusivo do alcohol e outras drogas en Galicia e, por conseguinte, para mellorar a calidade das intervencións fronte a elas. O convenio que regula esta colaboración foi hoxe autorizado polo Consello da Xunta.

A Sociedade Española de Toxicomanías ten como obxectivo principal promover toda clase de actividade científica que favoreza o progreso do coñecemento no campo das drogodependencias. Entre as actividades que apoia e organiza esta institución atópanse actividades de investigación e de formación.

No marco deste acordo vanse desenvolver en Galicia diversas actuacións que posibilitarán crear un marco de cooperación, permitindo deseñar e executar, conxuntamente, un plan específico no terreo das toxicodependencias.

Neste contexto, desenvólvense varios estudos de investigación. Así, ampliarase ata os cinco anos o período de seguimento dos pacientes incluídos nos programas de mantemento con opiáceos (metadona) na rede asistencial galega, para, deste xeito, determinar as técnicas de intervención máis efectivas no seu tratamento.

Asemade, iniciarase outro estudo de seguimento, con idéntica finalidade, en pacientes dependentes de psicoestimulantes (cocaína) atendidos nesta rede asistencial.

Entre outras accións recóllese tamén a elaboración dun libro branco sobre a situación da investigación sobre drogodependencias e problemáticas asociadas en Galicia, e, en función dos seus resultados, establecer unha estratexia de mellora. Ademais, recóllese a realización de reunións científicas e seminarios de formación sobre temas diversos relacionados coas drogodependencias.



A desagregación das cantidades que vai destinar o departamento de María José Rubio Vidal a esta iniciativa é de 57.156 euros neste presente ano, 61.206 en 2008; 26.068 no ano 2009; e os 12.000 euros restantes con cargo aos orzamentos de 2010.



## **PESCA, USC E CONSELLO REGULADOR DO MEXILLÓN ESTUDARÁN A DEPURACIÓN INTENSIVA DOS MOLUSCOS PROCEDENTES DE ZONA C**

- *O departamento que dirixe Carmen Gallego destina 232.265,00 euros para o desenvolvemento deste proxecto de investigación*
- *Con este estudo preténdese coñecer a curva de depuración de E.coli (coliformes fecais) nos moluscos procedentes de zona "C", así como avanzar no coñecemento dos niveis de contaminación vírica das zonas de produción*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia, que establece as bases de colaboración para a realización do proxecto "*Estudo de depuración intensiva de moluscos bivalvos vivos procedentes de zonas C*". O obxectivo desta iniciativa é avanzar no cumprimento das condicións sanitarias dos produtos alimenticios de orixe animal destinados ao consumo humano.

Tendo en conta que a Comisión Europea considera que o sistema de depuración intensiva non garante a eliminación dos virus procedentes de augas fecais, aínda que a eliminación das bacterias fecais resulte eficiente, os expertos seguen a traballar para perfeccionar as técnicas e trasladalas a programas de control sanitario. É por iso que tanto a Consellería de Pesca como a USC e o Consello Regulador do Mexillón de Galicia están interesados en cooperar para a realización deste estudo.

Así, este proxecto permitirá coñecer a curva de depuración de E-coli (coliformes fecais) nos moluscos bivalvos vivos situados en zona de produción clasificadas como "C". É dicir, naquelas zonas en que só se pode extraer o produto para a súa reinstalación prolongada noutra zona ou ben para ser destinada á súa transformación, pero nunca para a súa venda en fresco. Así mesmo, este traballo de investigación posibilitará avanzar no coñecemento dos niveis de contaminación vírica das zonas de produción das cales procedan as mostras que se analicen e estuden, así como a taxa de depuración.

Este proxecto é de grande relevancia para o sector pesqueiro, marisqueiro e de cultivos, considerado estratéxico para Galicia pola súa importancia económica e polo importante número de postos de traballo que xera. Ademais, o cultivo de moluscos é a principal actividade dentro do campo da acuicultura mariña.

Consciente desta importancia, a Consellería de Pesca achegará para a posta en marcha desta iniciativa un importe total de 232.265,00 euros, que se distribuirán nas anualidades 2007 e 2008. De feito, no presente exercicio destinaranse 114.015,00



euros e, o vindeiro ano, achegaranse 118.250,00 euros. Este acordo de colaboración estará vixente ata o 31 de decembro de 2008.

### **Plan de traballo**

Para a realización deste proxecto de investigación estableceuse unha metodoloxía de traballo que se iniciará coa fase I: depuración de moluscos de zona "C" nunha depuradora comercial. Nesta primeira parte do traballo defínense os produtos que se van depurar, que serán, dunha banda, ameixa fina, xaponesa e babosa procedentes de dúas zonas de produción clasificadas como "C", así como mexillón de batea previamente contaminado no medio natural.

Posteriormente, tanto a ameixa como o mexillón serán trasladados a unha depuradora comercial de moluscos, onde quedarán instalados. A cantidade de moluscos para depurar será a necesaria para poder encher un tanque de depuración, simulando as condicións habituais de traballo nestas instalacións comerciais a escala industrial.

Os parámetros que se estudarán nesta primeira fase serán a calidade da auga de entrada na depuradora (salinidade, temperatura, osíxeno, ph e cloro); os ensaios de E.coli; a concentración de coliformes por cada 100 gramos de vianda, antes e durante o proceso de depuración nos tempos marcados; así como os virus (Norovirus e Hepatite A) e bacteriógrafos en moluscos, antes e despois da depuración comercial.

As experiencias desta primeira parte realizaranse cunha periodicidade semanal, realizando o traslado do produto desde o mar á depuradora os luns e tomando mostras ao principio do proceso e posteriormente, todos os días pola mañá.

Na fase II, dedicada á determinación da taxa de depuración bacteriana e vírica de moluscos contaminados en condicións controladas e as influencias de parámetros fisicoquímicos, procederase á contaminación artificial bacteriana e vírica dos distintos tipos de ameixa e de mexillón. O obxectivo é obter unha curva de depuración teórica e adaptar as condicións de depuración comercial ao perfil de contaminación dos moluscos das rías galegas.

Procederase á depuración da ameixa fina, xaponesa e babosa procedente de zonas "C", así como do mexillón de batea nunha instalación controlada, para poder levar a cabo un control máis exhaustivo dos parámetros de depuración e manter as medidas de seguridade, dada a patoxenicidade dos virus. As experiencias realizaranse a 12 e 18-19 graos centígrados, de xeito que se poidan obter datos de depuración en correspondencia coas estacións de inverno e verán, posto que a temperatura tamén afecta de xeito importante a depuración dos virus.



Nesta fase estudaranse os parámetros que afectan á efectividade da depuración, con distintas condicións de temperatura, tratamentos de auga e duración do proceso, co fin de establecer as condicións idóneas de eliminación dos virus e coliformes nos moluscos, previamente sometidos a un experimento de bioacumulación. Así mesmo, farase un seguimento da depuración de E.coli nestes mesmos moluscos bivalvos.

### **Competencias de cada institución**

Segundo recollen o convenio de colaboración e a metodoloxía de traballo será a Consellería de Pesca, a través do Intecmar, a que se encargue da dirección técnica e da coordinación deste proxecto de investigación. Ademais, será quen realice a cuantificación de coliformes fecais na mostras de moluscos.

Pola súa banda, os técnicos da Universidade de Santiago serán os que se encarguen de realizar os ensaios de bacteriófagos e virus en moluscos e de E.coli en augas de depuración. Por último, do Consello Regulador do Mexillón de Galicia dependerá a obtención de mostras e o seu traslado á depuradora, e tamén o control da calidade da auga de depuración (salinidade, temperatura, osíxeno, ph e cloro).



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE INVISTE 656.963 EUROS NA MELLORA DAS REDES DE SANEAMENTO DE REDONDELA E NA DOTACIÓN DE ABASTECIMENTO EN MONDARIZ, NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

- *A administración hidráulica abordará a construción de novos servizos en Redondela mediante a execución de dous proxectos, en Trasmañó e Cotarelo, que suman un orzamento de 360.982 euros*
- *En Mondariz, a consellería financiará con 295.980 euros a dotación de redes para a subministración de auga ao núcleo de Aboal*

A Consellería de Medio Ambiente, a través da administración hidráulica, abordará tres novos proxectos de mellora dos servizos de saneamento e abastecemento na provincia de Pontevedra. Concretamente, o Goberno galego aprobou hoxe dúas actuacións polo importe de 360.982 euros no concello de Redondela, que permitirán dotar de redes de saneamento aos núcleos de Trasmañó e Cotarelo; e un proxecto que permitirá dotar do servizo de abastecemento de augas ao lugar de Aboal, no Concello de Mondariz, por importe de 295.980,87 euros.

### **Redondela**

O proxecto para a zona de Cotarelo, permitirá dotar este núcleo de rede de sumidoiros. Esta rede quedará conectada aos colectores xerais, para o tratamento das augas fecais na estación de augas residuais (Edar) Santa Mariña. As obras contan cun prazo de execución de 4 meses e un orzamento de 194.942,83 euros, que serán financiados na súa totalidade pola administración hidráulica.

De igual xeito, a Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (Eposh) custeará a totalidade da actuación mediante a cal se dotará de rede de saneamento a parroquia de Trasmañó, tamén no concello de Redondela. A construción desta nova infraestrutura ten un orzamento de 166.040 euros e un prazo de execución de catro meses, e unha vez concluída quedará conectada á rede de colectores xerais de Chapela.

### **Mondariz**

A Consellería de Medio Ambiente financiará tamén a mellora dos servizos de subministración de auga no núcleo de Aboal, pertencente ás parroquias de Frades e Toutón, no Concello de Mondariz. Na actualidade, este municipio conta cun depósito e catro captacións e estase executando. O proxecto que vai abordar Medio Ambiente recolle as actuacións necesarias para completar o servizo de abastecemento ao citado núcleo. O proxecto conta cun orzamento de 295.980 euros e un prazo de execución de tres meses. Na actualidade, o departamento de Medio Rural está a levar a cabo a construción dunha tubaxe que parte do depósito existente e dará subministración á parte alta de Aboal.



## **A XUNTA APROBA A DOTACIÓN DE NOVAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NAS PARROQUIAS DE ADOUFE, VILAS E GUNDÍN, NO CONCELLO DE BRIÓN (A CORUÑA) POR 681.246 EUROS**

- *As obras contan cun prazo de execución de seis meses e serán custeadas na súa totalidade pola administración hidráulica*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da administración hidráulica, financiará o 100% do proxecto para a dotación de novas redes de saneamento, abastecemento e pluviais en tres parroquias do concello de Brión (A Coruña), cuxo orzamento ascende a 681.246,81 euros. A obra, aprobada hoxe, conta cun prazo de execución de seis meses e permitirá dotar de novos servizos os núcleos de Adoufe, Vilas e Gundín.

No caso da primeira parroquia, Adoufe, a rede proxectada prevé tres treitos, que conectarán coas redes xa existentes. Pola súa banda, en Vilas e Gundín construírse un único treito de tubaxe no que respecta ao saneamento; mentres que para o subministración de auga se fará mediante dous depósitos, un de 600 metros cúbicos en Vilas e un de 500 en Gundín. O prazo de execución das obras é de seis meses.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ A CONSTRUCIÓN DUN NOVO DEPÓSITO, DE 4.000 METROS CÚBICOS, PARA A SUBMINISTRACIÓN DE AUGA AO CONCELLO DE BARBADÁS (OURENSE)**

- *A actuación conta cun orzamento de 913.468,23 euros, que será financiado no 90% pola administración hidráulica, mentres que a entidade local achegará o 10% restante*

O concello de Barbadás, na provincia de Ourense, disporá dun novo depósito de auga para mellorar a subministración a esta poboación. O proxecto, que foi aprobado hoxe no Consello da Xunta, posibilitará a construción dun depósito de 4.000 metros cúbicos de capacidade, para o que será necesario un investimento total de 913.468,23 euros. O orzamento será financiado na súa meirande parte, concretamente no 90% (899.959,23 euros) pola Consellería de Medio Ambiente, a través da administración hidráulica, mentres que a entidade local deberá achegar o 10% restante.

O proxecto prevé a execución dun depósito rectangular, dividido en dous vasos, con 4.000 metros cúbicos de capacidade. A nova infraestrutura de abastecemento instalarase nunhas parcelas situadas nas inmediacións do depósito actual, no lugar coñecido como A Valenzá (San Bernabeu). As obras para a construción do novo depósito de abastecemento contan cun prazo de execución de 5 meses.





## MEDIO AMBIENTE DESTINA 87,2 MILLÓNS DE EUROS AO PROXECTO, CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DA DEPURADORA PARA A ZONA SUR DA RÍA DE FERROL, QUE DARÁ SERVIZO AOS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS

- *A nova planta atenderá as necesidades de saneamento dunha poboación de 50.000 habitantes equivalentes dos tres municipios*
- *A actuación conta cun prazo de execución de 32 meses, aos cales hai que engadir seis máis para a redacción do proxecto, e a explotación das instalacións a 20 anos*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao contrato de concesión de obra pública para a redacción do proxecto, execución e explotación da depuradora da zona sur da ría de Ferrol e norte da ría de Ares, que dará servizo aos concellos de Fene, Mugardos e Ares, na provincia da Coruña.

Trátase dunha das 20 depuradoras que o Goberno galego vai licitar antes de que remate o ano coa finalidade de dar cumprimento á directiva da Unión Europea que obriga os núcleos de máis de 2.000 habitantes a disporen de sistemas de saneamento.

No que respecta á EDAR de Ares, Fene e Mugardos, trátase dunha planta que dará servizo a unha poboación de 50.000 habitantes equivalentes dos tres concellos, é dicir, que se concibe tendo en conta as previsións de crecemento poboacional desta área. A actuación conta cun orzamento de 87.216.849 euros, no que é o maior investimento que ten realizado a Consellería de Medio Ambiente nunha actuación deste tipo.

As obras para a construción da nova planta, que se situará na parroquia de Chanteiro (concello de Ares) teñen un prazo de 32 meses, aos cales hai que engadir 6 máis para a elaboración e presentación do proxecto definitivo. Así mesmo, o acordo aprobado hoxe inclúe a explotación das instalacións durante 20 anos.

### **Plan saneamento**

Coa da zona sur de Ferrol son xa 12 as depuradoras que a Consellería de Medio Ambiente leva licitado este ano, no marco do plan de saneamento máis ambicioso que o Goberno galego ten abordado nunca. A posta en marcha deste programa ten como finalidade dar cumprimento á directiva da Unión Europea que obriga os núcleos de máis de 2.000 habitantes a disporen de sistemas de saneamento. As oito que restan por licitar están pendentes da posta á disposición de terreos por parte dos concellos ou da resolución de documentación administrativa para a súa aprobación antes de que acabe o ano.



DEPURADORAS LICITADAS EN 2007:

➤ En concellos do interior:

1. Santiago (Aríns): adxudicada. 2,2 millóns de euros
2. Arzúa: adxudicada. 2,6 millóns de euros
3. O Carballiño. Licitada. 6,4 millóns de euros

➤ En rías:

4. Fisterra: adxudicada. 1,2 millóns de euros
5. Bergondo (Gandarío). Licitada. 3 millóns de euros
6. Catoira. Licitada. 2,1 millóns de euros
7. Carral-Abegondo: Licitada. 3 millóns de euros
8. Muros (Esteiro). Licitado. 7 millóns de euros
9. Baiona. Licitado. 24,9 millóns de euros
10. Xove (Palmeiro). Licitada. 1,7 millóns de euros
11. Ponte do Porto (Camariñas). 7,4 millóns de euros
12. Ares-Fene-Mugardos (depuradora zona sur Ferrolterra). 87,2 millóns de euros

DEPURADORAS QUE ESTÁ PREVISTO APROBAR EN 2007:

1. Malpica de Bergantiños. 2,6 millóns de euros.
2. Ponteceso-Corme. 1, 4 millóns de euros
3. As Pontes. 5,7 millóns de euros
4. Ribeira. 45 millóns de euros
5. Ribadeo. 19,6 millóns de euros
6. Grove . 25,6 millóns de euros
7. Santa Comba. 3,2 millóns de euros
8. Raxó-Sanxenxo. 4 millón de euros



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE VILANOVA DE AROUSA II

- *O Consello tamén declarou a utilidade pública e o interese social do desenvolvemento do parque empresarial*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o proxecto sectorial e o proxecto de urbanización do parque empresarial Vilanova de Arousa II. Esta actuación desenvolverase sobre unha superficie de 316.630 metros cadrados cun investimento total de 9,7 millóns de euros.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social as obras, instalacións e servizos previstos co desenvolvemento do parque empresarial Vilanova II, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación.

Este parque empresarial é promovido pola sociedade pública *Suelo Empresarial del Atlántico (SEA)*, na cal a Consellería de Vivenda e Solo participa nun 15%, e desenvolverase ao noroeste do Concello de Vilanova de Arousa entre os núcleos de Paderne ao leste, Casa Nova ao Norte, e Carballo e A Braña ao sur.

Os proxectos aprobados hoxe polo Consello da Xunta contemplan o menor impacto ambiental e a maior integración paisaxística no desenvolvemento do parque empresarial, polo que as parcelas non se levan ata a beira do ámbito, creando taludes arborados e espazos libres en todos os límites.

### **Distribución dos usos**

O parque empresarial de Vilanova de Arousa II terá unha superficie total de 316.630 metros cadrados, dos cales se destinarán a uso empresarial un total de 171.889, 87.829 destinaranse a zonas verdes, e a superficie restante será para o sistema viario, aparcadoiros e equipamentos.



## **AUTORIZADO O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE CEE**

- *O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento deste parque empresarial*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o Proxecto Sectorial e o Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial de CEE. Esta actuación desenvolverase sobre unha superficie de 228.770 metros cadrados cun investimento total de 4,7 millóns de euros. Este parque empresarial é promovido pola sociedade pública *Suelo Empresarial del Atlántico (SEA)*, na que a Consellería de Vivenda e Solo participa nun 15%.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social as obras, instalacións e servizos previstos co desenvolvemento do parque empresarial de Cee, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación.

O parque empresarial de Cee terá unha superficie total de 228.770 metros cadrados, dos cales 106.805 serán de uso industrial e comercial, 10.101 para equipamentos, 44.985 de zonas verdes e o resto para vías e aparcadoiros.



## A XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL E O PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIANXO

- *O Consello da Xunta declarou de utilidade pública e interese social o desenvolvemento deste parque empresarial*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza de hoxe, a proposta da Consellería de Vivenda e Solo, o Proxecto Sectorial e o Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial de Rianxo. Esta actuación de solo empresarial desenvolverase sobre unha superficie de 335.167 metros cadrados cun investimento total de 9,8 millóns de euros. Este parque empresarial é promovido pola sociedade pública *Suelo Empresarial del Atlántico (SEA)*, na que a Consellería de Vivenda e Solo participa nun 15%.

O Consello da Xunta tamén declarou de utilidade pública e interese social as obras, instalacións e servizos previstos co desenvolvemento do parque empresarial de Rianxo, así como a necesidade de ocupación dos bens e dereitos necesarios pola vía da expropiación.

O parque empresarial de Rianxo terá unha superficie total de 335.167 metros cadrados, dos que 201.864 serán de uso industrial e comercial, 62.416 de zonas verdes e espazos libres, 7.297 de equipamentos e 17.439 metros cadrados para vías e aparcadoiros.

A ordenación interior do parque inclúe nas zonas verdes as marxes do río Té, que transcorre por este ámbito, así como os hórreos e o muíño existentes no contorno. Por outra banda, as zonas máis próximas ao núcleo habitados resérvanse para o desenvolvemento de actividades terciarias, deixando para o interior do parque as actividades industriais.

O parque empresarial de Rianxo está próximo á vía rápida do Barbanza que conecta coa Autoestrada do Atlántico. Tamén está conectado coa N-550 a través da estrada comarcal que une Caldas-Carracedo con Catoira.



## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO SUBVENCIONA CON 669.806 EUROS A ADQUISICIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA PARA 6 FAMILIAS DO POBOADO CHABOLISTA DO VAO NO CONCELLO DE POIO**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Poio para a adquisición de 6 vivendas*
- *As vivendas serán cedidas en réxime de aluguer durante 2 anos, transcorrido este prazo e acreditada a súa integración social poderán optar á propiedade*

A Consellería de Vivenda e Solo subvenciona con 669.806 euros a adquisición de vivendas protexidas destinadas ao realoxo de 6 familias que viven no poboamento chabolista do Vao, no municipio de Poio. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello para a adquisición de 6 vivendas para estas familias.

O departamento autonómico dirixido por Teresa Táboas subvenciona o 80% do prezo total das seis vivendas, que ascende a 837.258 euros. O resto do importe, 167.45 euros, que supoñen o 20%, será achegado polo Concello.

As vivendas adquiridas serán cedidas a estas seis familias en réxime de aluguer durante dous anos. Unha vez transcorrido este prazo e acreditada a súa integración social as familias poderán optar á propiedade das vivendas deducíndose a subvención do prezo de venda. O Concello de Poio encargárase do seguimento dos programas de integración.

O concello tamén se compromete a derrubar as chabolas nas que viven estas familias na actualidade e a sanear os terreos a través da recolla de entullo e limpeza do solar.

Este convenio asínase ao amparo da Lei 5/1989 do 24 de abril de medidas para a erradicación do chabolismo no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A orde da Consellería de Vivenda e Solo, do 21 de xullo de 2006 de subvencións aos concellos, establece que se poderá subvencionar a adquisición de vivendas novas ou usadas por parte das entidades locais coa finalidade de realoxar aos residentes de chabolas. A subvención da consellería poderá acadar ata o 80% do prezo da vivenda.

Esta orde tamén recolle subvencións para que o propio chabolista adquira unha vivenda, nova ou usada, ou promova el mesmo a construción da súa vivenda. No primeiro caso a subvención pode acadar ata o 30% do prezo de compra e no segundo caso ata o 50% do orzamento protexible de construción da vivenda.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas liñas de traballo a colaboración para a erradicación do chabolismo e da infravivenda, en actuacións solicitadas a



instancia dos concellos. No ano 2007 a partida orzamentaria destinada á erradicación do chabolismo é de 700.000 euros.



## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

Con motivo da conmemoración do Día internacional contra a violencia de xénero o vindeiro 25 de novembro, expresamos unha vez máis a repulsa máis profunda da Xunta de Galicia á violencia masculina contra as mulleres.

A violencia de xénero obríganos a empregar todos os esforzos institucionais, os recursos e as vontades para acadar a súa erradicación e queremos facer fincapé, no marco simbólico deste Día internacional contra a violencia cara as mulleres, que é viable, e por tanto necesario, avanzar cara á escenarios que nos axuden a configurar unha Galicia libre de violencia de xénero.

A violencia contra as mulleres é unha lacra que se estende ao longo dos tempos e atravesa culturas, crenzas e sociedades, provocando padecemento ás mulleres, independentemente do seu nivel económico, da súa formación, da súa orixe ou da súa idade. Esta dimensión globalizadora da violencia de xénero no se ten que converter nun obstáculo, senón que debe impulsarnos a actuar para contribuír a diminuír os seus efectos máis aterradores e a garantir os dereitos básicos das mulleres.

Toda a sociedade galega, de xeito individual ou colectivo, no ámbito social, político ou institucional podemos, e temos a obriga, de facer algo contra esta lacra, e apelamos á necesidade de unir esforzos para incrementar a eficacia dos nosos compromisos cara un cambio de mentalidades que faga posible que as mulleres poidan gozar plenamente do seu estatus de cidadás de pleno dereito.